

NO CONCURSO DE TRASLADOS, O SERGAS PRETENDE VOLVER A INCUMPRIR OS ACORDOS DA MESA SECTORIAL E OS SEUS PROPIOS COMPROMISOS

CIG-Saúde esixirá na Mesa Sectorial do 23/12/2009, que saian a CT a totalidade das vacantes existentes, tanto ás que se correspondían á convocatoria da OPE, como as de nova creación (orzamentadas para 2010), como todas aquelas que sabemos que existen e que o SERGAS pretende seguir manter ocultas.

Como se pode ver claramente na TÁBOA que figura ao final deste escrito, o SERGAS asignou arbitrariamente as prazas do Concurso de Traslados (CT), sen sacar a concurso o 100% das prazas vacantes existentes en cada hospital. Así, malia que o número total de prazas sacadas a Concurso (346) e incluso lixeiramente superior¹ ao de prazas sacadas a OPE (340), a súa distribución por hospitais é amañada polo SERGAS, prexudicando gravemente os intereses de moitos facultativos propietarios, que estaban esperando ao CT para trasladarse, e que non van poder facelo debido a que o SERGAS, como noutras épocas, vaille impedirilles facelo. Como era habitual a causa máis frecuente vai ser o nepotismo dos xefes de servizo dos grandes hospitais, que queren garantir que as prazas vacantes dos seus servizos non saian ao CT.

O actual Concurso de Traslados, que precede á toma de posesión das prazas da OPE-2008, xurde como consecuencia dunha serie de compromisos acordados, no primeiro semestre de 2007, entre o SERGAS e CIG-Saúde e as outras organización da Mesa Sectorial. Entre eses compromisos figuran os de convocar OPEs ordinarias cada 2 anos, e o de sacar a concurso o 100% das prazas vacantes no momento da concotoria do Concurso.

Así, na 3ª páxina do [“Acordo da Comisión de Seguimento do Plan de Provisión de Persoal Facultativo Especialista do 23 de marzo de 2007”](#), asinado polo SERGAS e as Organizacións Sindicais na Mesa Sectorial, dicíase o seguinte:

“Tras esta OPE-2006, o SERGAS continuará convocando con periodicidade bianual, OPEs ordinarias, e os correspondentes concursos de traslados. As tomas de posesión de ambos procesos serán coincidentes no tempo.

...

A nova xeira de OPEs ordinarias que comezan coa OPE-2006 van caracterizarse porque nelas van ofertarse o 100% das prazas vacantes no momento da convocatoria. Igualmente, nos concursos de traslados ofertaranse o 100% das vacantes existentes, ...

...

Nos concursos de traslados poderán existir, para o acceso a determinadas prazas excepcionais, requisitos ou méritos inherentes a prestacións de alta especialización, destinadas a esta función.”

¹ A información que temos sobre as vacantes reais, que reproducimos na TABOA, sabemos que é parcial pois ao SERGAS sempre lle gustou a falta de transparencia. Así, temos probas evidentes de que existen, e existían, máis prazas vacantes que as que saíron a OPE e, por outra banda, cómpre ter en conta que algunhas das prazas novas que aparecen e que non saíran a OPE, é moi posíbel que sexan de nova creación (creadas como consecuencia da aprobación dos Orzamentos de 2010).

Ese Acordo, e a súa Comisión de Seguimento, fora precedido polo documento “[Proxecto de Acordo: Plan de Provisión de Postos de Traballo dos Facultativos Especialistas dos hospitais do SERGAS](#)” que o SERGAS presentou na Mesa Sectorial do 08/02/2007, que finalmente foi aceptado por todas as organizacións da Mesa Sectorial como queda reflectido na “[Acta de Acordo de Mesa Sectorial do 13 de febreiro de 2007](#)”.

Debe resaltarse que, despois dun longo debate no seo da Comisión de Seguimento do Acordo, o SERGAS finalmente renunciou a que existira un procedemento especial para acceder ás chamadas “prazas de alta especialización”, [as que CIG-Saúde se opuxo firmemente e cunha posición moi matizada](#), por considerar que tiñan un risco evidente de converterse nun burato polo que se colara a arbitrariedade e o nepotismo na convocatoria desas prazas.

CIG-Saúde esixirá, na Mesa Sectorial do 23/12/2009, que saian a Concurso de Traslados a totalidade das vacantes existentes en todos os hospitais, tanto ás que correspondían á convocatoria da OPE-2008, como as de nova creación (orxamentadas para 2010), como todas aquelas que sabemos que existen e que o SERGAS pretende manter ocultas.

Comparación de prazas vacantes de FEAs ofertadas na OPE-2008 coas que se ofertan no Concurso de Traslados (X / Y). Datos actualizados coa nova información da administración na Mesa Sectorial do 23/12/2009.

ESPECIALIDADE	Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Burela	Monfort	Ourens	O barco	Vigo	Pontev	Cee	Barban	Verín	Salnés	TOTAL
ALERGOLOXIA		2 / 1							1 / 1	0 / 1					3 / 3
ANALISES CLINICAS		0 / 1	2 / 1	1 / 1					1 / 1						4 / 4
ANATOMIA PATOLOXICA	1 / 1		0 / 1			0 / 1	1 / 0		3 / 1	0 / 1					5 / 5
ANESTESIOLOXIA E REANIMACION	3 / 3	1 / 1	6 / 4	1 / 1	2 / 2		4 / 4		6 / 7	12 / 11		1 / 2	0 / 1		36 / 36
ANXIOLOXIA E CIRURXIA VASCULAR										1 / 1					1 / 1
APARATO DIXESTIVO	2 / 1	0 / 1					1 / 1		1 / 1						4 / 4
CARDIOLOXIA	3 / 2	0 / 1	2 / 1				1 / 2		3 / 3	3 / 3					12 / 12
CIRURXIA CARDIOVASCULAR			1 / 1												1 / 1
CIRURXIA ORAL E MAXILOFACIAL	1 / 1		1 / 1												2 / 2
CIRURXIA ORTOPEDICA E TRAUMATOLOXIA	4 / 3	2 / 4	5 / 3	1 / 1	1 / 1	1 / 1	2 / 2	1 / 1	3 / 3	1 / 2				2 / 2	23 / 23
CIRURXIA PEDIATRICA							1 / 1								1 / 1
CIRURXIA PLASTICA, ESTETICA E REP	1 / 1		1 / 0						0 / 1						2 / 2
CIRURXIA TORACICA	2 / 1		1 / 1						0 / 1						3 / 3
CIRURXIA XERAL E DO APARATO DIX	5 / 2	1 / 1	4 / 1			0 / 2	1 / 2	0 / 1	3 / 2				2 / 4		16 / 16
DERMATOLOXIA	1 / 1						1 / 1								2 / 2
ENDOCRINOLOXIA E NUTRICION		1 / 1					2 / 2								3 / 3

ESPECIALIDADE	Coruña	Ferrol	Santiag	Lugo	Burela	Monfort	Ourens	O barco	Vigo	Pontev	Cee	Barban	Verín	Salnés	TOTAL
FARMACIA HOSPITALARIA		1 / 1							2 / 1	1 / 1		1 / 1		0 / 1	5 / 5
HEMATOLOXIA E HEMOTERAPIA		1 / 1	1 / 0				1 / 1		2 / 2	0 / 1					5 / 5
MEDICINA DO TRABALLO				0 / 1	1 / 1	0 / 1									1 / 3
MEDICINA FISICA E REHABILITACION			1 / 1				1 / 1	2 / 2	1 / 1						5 / 5
MEDICINA INTENSIVA	2 / 2		1	2 / 2			2 / 2		2 / 2						9 / 9
MEDICINA INTERNA	8 / 5	3 / 4	5 / 3			1 / 1	3 / 3	1 / 2	3 / 2	0 / 2	0 / 0	2 / 2			26 / 25
MEDICINA PREVENTIVA E S.P.											1 / 1				1 / 1
MEDICO URXENCIAS HOSPITALARIAS	9 / 6	8 / 8	2 / 2	4 / 3	1 / 1		5 / 6	2 / 2	7 / 7	2 / 3	0 / 1	1 / 2	2 / 2		43 / 43
MICROBIOLOXIA E PARASITOLOXIA	2 / 2	1 / 1													3 / 3
NEFROLOXIA	1 / 1						2 / 2			1 / 1					4 / 4
NEUROFISIOLOXIA CLINICA	1 / 0	1 / 1					1 / 1		0 / 1						3 / 3
NEUROLOXIA	2 / 2	1 / 1	1 / 2	1 / 1		1 / 1	1 / 1		2 / 2	3 / 2					12 / 12
OBSTETRICIA E XINECOLOXIA	3 / 3	3 / 3	2 / 2	1 / 1		0 / 1	3 / 2	1 / 1	2 / 2	2 / 2		1		2 / 2	20 / 20
OFTALMOLOXIA	1 / 1		1 / 2		1 / 1	0 / 1		1 / 1	3 / 4	1 / 1	1 / 1		2 / 2	2 / 2	13 / 16
ONCOLOXIA MEDICA	2 / 2	3 / 3	0 / 1				1 / 0								6 / 6
ONCOLOXIA RADIOTERAPICA			1 / 1												1 / 1
OTORRINOLARINGOLOXIA		1 / 1	2 / 1			0 / 1	1 / 1				1 / 1	1 / 1		1 / 1	7 / 7
PEDIATRIA E AS SUAS AREAS ESPECI	1 / 1	0 / 1	2 / 1	1 / 1	0 / 1		5 / 4	2 / 2	3 / 2	1 / 1		1 / 1		2 / 3	18 / 18
PNEUMOLOXIA			2 / 2						1 / 1						3
PSICOLOXIA CLINICA	1 / 1		1 / 1	1 / 1			1 / 1								4 / 4
PSIQUIATRIA	1 / 1	1 / 2	3 / 1	4 / 2		0 / 1	2 / 2		3 / 2	0 / 2					14 / 14
RADIODIAGNOSTICO	1 / 1	1 / 1	2 / 1		1 / 1		3 / 1		2 / 2	0 / 1	0 / 1		0 / 1	0 / 2	10
RADIOFISICA HOSPITALARIA															0 / 2*
REUMATOLOXIA		1 / 1		1 / 1	1 / 1				0 / 1						3 / 4
UROLOXIA		2 / 2								1 / 1					3 / 3
XERIATRIA				1 / 1											1 / 1
Total Prazas OPE	58	35	50	19	8	3	46	10	54	29	3	8	6	11	340*
Total TRASLADOS	45	43	36	17	9	11	43	13	53	37	4	11	10	14	346**
Diferencia Traslados-OPE, Nº Prazas	-13	8	-14	-2	1	8	-3	3	-1	8	1	3	4	3	4
Diferencia Traslados-OPE, % Prazas	-22,4%	22,9%	-28,0%	-10,5%	12,5%	266,7%	-8,7%	30,0%	1,9%	27,6%	33,0%	37,5%	66,7%	27,3%	1,2%

* A OPE ofertáronse 338 prazas nos hospitais e 2 de Radiofísica en Galaria .

* En número absoluto a Traslados saen 6 prazas máis que a OPE.

Mais prazas na OPE que no Concurso de Traslados

Mais prazas no Concurso de Traslados que na OPE